



**CONVOCATORIA DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA
PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓN EN MATERIA DE
RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL
PARA OS ANOS 2020-2021**

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda lanza unha convocatoria de axudas a entidades locais de Galicia co obxecto de implementar medidas para avanzar na xestión dos residuos domésticos de competencia municipal, conforme aos obxectivos establecidos no Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2022 e na liña do contexto normativo comunitario para acadar unha Europa Eficiente no uso dos recursos.

Para acadar unha xestión eficiente dos recursos e dos residuos é imprescindible reforzar o principio de xerarquía nesta xestión de acordo co modelo de economía circular, que prioriza a prevención na xeración de residuos, seguido, nesta orde, da preparación para a reutilización, do reciclado, doutras formas de valorización (incluída a enerxética) e, por último, da eliminación (o depósito en vertedoiro, entre outras).

A tal fin, con estas axudas promóvese especialmente a implantación de proxectos por parte de entidades locais conformes ao esquema de prioridades do principio de xerarquía en materia de residuos, en particular, proxectos destinados a:

- Favorecer a prevención, adecuada recollida, clasificación e preparación para a reutilización de residuos domésticos.
- Potenciar a prevención, recollida separada e valorización dos biorresiduos de competencia municipal coa finalidade de contribuír ao cumprimento dos obxectivos fixados polo actual marco normativo.

Esta convocatoria é de carácter bianual e prevé a posibilidade de que poidan acceder a estas axudas as entidades supramunicipais e as agrupacións de entidades locais de Galicia, de acordo ao establecido na Lei 13/2015, do 24 de decembro.

O procedemento que rexerá a concesión das subvencións será o de concorrencia competitiva.

As axudas obxecto desta orde estarán cofinanciadas nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia para o período 2014-2020.





GUÍA BÁSICA PARA SOLICITANTES.
ASPECTOS PRINCIPAIS DA ORDE DO 5 DE MAIO DE 2020
(D.O.G. nº 92, 13/05/2020)

BENEFICIARIOS

Entidades locais municipais e supramunicipais e agrupacións de entidades locais de Galicia.

LIÑAS SUBVENCIONABLES

Liña 1. Actuacións destinadas a favorecer a prevención, adecuada recollida, clasificación e preparación para a reutilización de residuos domésticos que teñan por finalidade:

- **1º. Adquisición de puntos limpos móbiles para a mellora e ampliación dos servizos prestados pola rede galega de puntos limpos existentes na nosa Comunidade Autónoma, para a xestión de residuos especiais de competencia municipal.**
- **2º. A posta a disposición da cidadanía de espazos municipais de autorreparación e intercambio de obxectos e utensilios diversos (mobles, roupa, pequenos electrodomésticos, xoguetes, ...) para conformar unha rede galega de establecementos públicos destinados á preparación para a reutilización, coa finalidade de alongar a vida útil dos materiais e obxectos, previndo a xeración de residuos domésticos.**

Liña 2. Actuacións destinadas á prevención, recollida separada e valorización dos biorresiduos destinadas a:

- **1º. O fomento da compostaxe in situ.**
- **2º. Recollida separada da fracción orgánica dos residuos municipais.**

Poderase concorrer a esta convocatoria ao abeiro das dúas liñas subvencionables. No caso de que a entidade local queira optar a solicitar subvención para actuacións que pertencen ás dúas liñas subvencionables (liña 1 e liña 2) deberán presentar unha solicitude por cada liña, tendo en conta as contías máximas de axuda establecidas no artigo 5 da Orde.





ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

Liña 1. 1º Adquisición de puntos limpos móbiles, con diferentes compartimentos para a recollida de residuos especiais de competencia municipal con destino a un punto limpo fixo ou xestor de residuos autorizado:

- ✓ Contedor/caixa metálica de gran volume (este modelo poderá ser elixido só se a entidade local dispón de camión adaptado con equipo de gancho para a súa carga e traslado);
- ✓ Remolque e contedor metálico de gran volume (este modelo poderá ser elixido só se a entidade local dispón de camión adaptado para a súa carga e traslado).
- ✓ Camión con caixa e chasis;
- ✓ Furgoneta adaptada con diferentes contedores ou compartimentos;
- ✓ Outros modelos do mercado, sempre que se xustifique que cumpre os obxectivos deste servizo.

Ademais dos propios puntos limpos móbiles, serán subvencionables os equipamentos ou elementos relacionados coa función que prestan, as ferramentas TIC que contribúan a mellorar a súa utilización, así como as campañas de difusión e de información asociadas ás actuacións proxectadas cun importe máximo de 5.000 €.

Liña 1. 2º Habilitación de espazos de autorreparación e intercambio de obxectos e utensilios diversos, en locais municipais ou en puntos limpos existentes:

- ✓ Adecuación de locais ou espazos para as actividades de autorreparación (electricidade, carpintería, téxtil...) intercambio de obxectos e sensibilización ambiental.
- ✓ Subministración de equipamento básico e/ou ferramentas para o desenvolvemento das actividades de reparación e intercambio (bancos de traballo, andeis, armarios, mesas, cadeiras, contedores, básculas, ferramentas manuais, ferramentas e máquinas eléctricas portátiles).
- ✓ Un equipo informático que se destinará unicamente a esta actuación subvencionable.
- ✓ Realización de traballos de adecuación da instalación eléctrica ou doutras subministracións necesarias para o correcto desenvolvemento da actuación no espazo municipal.

Así mesmo, serán subvencionables as campañas de difusión e de información asociadas ás actuacións proxectadas cun importe máximo de 5.000 €.





Liña 2. 1º Fomento da compostaxe in situ, para o tratamento dos biorresiduos nas vivendas dos cidadáns que dispoñan de terreos aptos ou ben en zonas comúns postas a disposición pola entidade local, nas que se poderán incluír a grandes produtores de biorresiduos:

- ✓ Adquisición de medios materiais para a recollida separada dos restos orgánicos nas vivendas ou puntos de xeración tales como:
 - composteiros,
 - caldeiros, bolsas compostables, aireadores e/ou termómetros (se ben so se considerarán gastos subvencionables ata un importe máximo de 5.000 €)
- ✓ Actuacións preparatorias para o deseño e planificación do proxecto e selección dos participantes.
- ✓ Acondicionamento da zona para compostaxe comunitaria.
- ✓ Equipamentos e/ou elementos necesarios para o subministro de material estruturante e a adecuación de puntos de acopio, por exemplo:
 - trituradoras da fracción vexetal sempre que se xustifique adecuadamente a súa necesidade.

Así mesmo, serán subvencionables as campañas de difusión e de información asociadas ás actuacións proxectadas cun importe máximo de 5.000 €.

Neste tipo de proxectos, as entidades beneficiarias deberán comprometerse a asumir tarefas de seguimento e control da súa evolución, así como a establecer un procedemento específico para as entregas dos materiais á cidadanía.

Liña 2. 2º Proxectos de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada da fracción orgánica dos residuos municipais, con destino a unha instalación de tratamento de biorresiduos autorizada (ou en trámite de obter a correspondente autorización):

- ✓ Adquisición de contedores para a recollida separada da fracción orgánica dos residuos municipais, tanto en vía pública como en puntos de xeración (a lo menos a tapa será de cor marrón e coa rotulación da fracción do residuo orgánico).
- ✓ Caldeiros para o depósito dos restos orgánicos nas vivendas ou puntos de xeración (cociñas, comedores...) e/ou bolsas compostables para a recollida da fracción orgánica e o seu depósito nos contedores, considerándose gastos subvencionables ata un importe máximo de 5.000 €.
- ✓ Sistemas de identificación de usuario e sistemas control/limitación de acceso aos contedores.
- ✓ Desenvolvemento de aplicacións informáticas ou o emprego das tecnoloxías da información aplicadas ao obxecto subvencionable.





- ✓ Vehículos destinados á recollida separada da fracción orgánica dos residuos municipais, sempre vencellados á posta en marcha/existencia deste servizo de recollida selectiva específico.

Así mesmo, serán subvencionables as campañas de difusión e de información asociadas ás actuacións proxectadas cun importe máximo de 5.000 €.

Non serán subvencionables, ao abeiro desta liña, os custes do servizo de recollida selectiva, o tratamento dos residuos así como tampouco os custes de mantemento nin os alugueres.

Os custes de persoal (propio ou contratado) non se considerarán gasto subvencionable ao abeiro desta orde.

CONTÍA DAS AXUDAS

A subvención será do 100% dos custos totais subvencionables, cos importes máximos establecidos para cada liña subvencionable, salvo no caso de que o solicitante asuma unha achega superior ao 20 % do custo subvencionable co obxecto de que se valore esta achega na fase de valoración dos proxectos.

Importes máximos por liña de subvención:

- ✓ Liña 1. 1º Adquisición de puntos limpos móbiles: ata os 70.000 €, ampliable no caso de solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local en 10.000 € máis por cada entidade participante, ata un máximo de 100.000 €.
- ✓ Liña 1. 2º Espazos municipais de autorreparación e intercambio de obxectos e utensilios diversos: ata os 30.000 €, ampliable no caso de solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local en 5.000 € máis por cada entidade participante, ata un máximo de 50.000 €.
- ✓ Liña 2. 1º Actuacións para o fomento da compostaxe in situ: ata os 60.000 €, ampliable no caso de solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local en 10.000 € máis por cada entidade participante, ata un máximo de 100.000 €.
- ✓ Liña 2. 2º Recollida separada da fracción orgánica dos residuos municipais: ata os 100.000 €, ampliable no caso de solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local en 10.000 € máis por cada entidade participante, ata un máximo de 150.000 €.





SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario electrónico normalizado MT975I, accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal/portada>

As solicitudes poderanse presentar individualmente por un concello ou por máis dunha entidade local; neste último caso, ben sexa por medio de entidades de carácter supramunicipal legalmente constituídas, ou ben baixo a modalidade de agrupación de entidades locais na cal unha delas deberase designar para actuar como representante.

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde de axudas no DOG, e que sexa día hábil, por tanto, ata o 15 de xuño de 2020.

PRAZO DE EXECUCIÓN E DE XUSTIFICACIÓN DOS PROXECTOS

O período subvencionable será, con carácter xeral, o comprendido entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 30 de novembro de 2021, ambos incluídos, se ben non serán subvencionables os proxectos concluídos materialmente na data de presentación da solicitude.

As entidades solicitantes farán constar na súa solicitude os custes que desexan imputar a cada anualidade, en consonancia co ritmo de execución que pretenden para as actuacións propostas. Así, a data límite para executar o proxecto e presentar a documentación xustificativa dos investimentos será:

- ✓ o 30 de novembro de 2020 para os proxectos que se imputen ao orzamento correspondente á anualidade 2020.
- ✓ o 30 de novembro de 2021 para os proxectos que se imputen ao orzamento correspondente á anualidade 2021.

INFORMACIÓN E CONSULTAS

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200513/AnuncioG0532-050520-0001_gl.pdf

<https://sirga.xunta.gal/convocatoria-2020-21>

Enderezo para requirir máis información: axudas.cmaot@xunta.gal

En Santiago, a 13 de maio de 2020

Subdirección xeral de Residuos

